

## TERCEIRO DE GRAO ELEMENTAL

### **PROBA DE CONTRABAIXO**

A proba de acceso a tercer curso de grao elemental consistirá na interpretación de dúas obras dunha dificultade axeitada ó nivel (ver lista orientativa) e interpretación a primeira vista dun fragmento elaborado polo tribunal.

#### Disposicións xerais para as probas de acceso

- Admitirase calqueira obra de características similares.
- O acompañamento de piano nas obras que así o precisen será por conta do alumno.
- Non se admitirán fotocopias, salvo no caso de edicións descatalogadas.

#### Listado orientativo de obras

(2 pezas ou estudos con cambios de posición, ata a terceira posición.  
Ligaduras de tres notas)

- S. LANCEN : Si j'etais...Bach ("Yorke solos" / ed. Yorke)
- G. DEUTSCHMANN : Menuett ("Yorke solos" / ed. Yorke)
- J.S. BACH : Cantata 147 ,“Jesu, joy of man’s....” (“Double Bass Solo” / ed. Oxford University Press)

### **PROBA DE LINGUAXE MUSICAL**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz e dunha extensión de 8 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e compás

simple. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso e o compás (nesta orde)

- **Repentización rítmica:** nas claves de Sol e Fa en 4<sup>a</sup>.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.